

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese con carácter ordinario no Pazo provincial ás 12:25 h do día 17 de abril de 2026, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D. JAVIER TOURÍS ROMERO**, en substitución de D.^a LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, **D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA, D.^a MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ, D.^a DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.^a NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D.^a MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 20 de marzo de 2026.

2.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DO II PREMIO CASTELAO DE TEXTOS TEATRAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte. 2026018243)

O presidente dá conta da convocatoria do II Premio Castelao de Texto Teatrais da Deputación de Pontevedra, co obxectivo de fomentar, apoiar e mellorar a calidade creativa das e dos nosos escritores e escritoras, promover o talento e o potencial literario na nosa provincia e incentivar a creación dramática en lingua galega e a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

As bases reguladoras deste premio saíron publicadas no BOPPO núm. 59, de 27 de marzo de 2026, onde se recolle que a participación e a concesión do premio se efectuará en réxime de concorrencia competitiva e poderán participar todas as persoas, maiores de idade, que presenten obras de teatro escritas en lingua galega de acordo coa normativa ortográfica ILG-RAG, inéditas, non premiadas en ningún outro certame nin levadas a escena en ningún espectáculo.

Outorgarase un premio único seleccionado por un xurado nomeado previamente, dotado con doce mil euros (12.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 334.3340.480.01 do Orzamento ordinario do organismo provincial. A contía do premio inclúe a adquisición dos dereitos de explotación da primeira edición da obra gañadora ata un máximo de 800 exemplares, así como da edición dixital desta durante un período de cinco anos. A obra premiada, a través do seu correspondente expediente de contratación, será publicada pola editorial adxudicataria na súa colección de teatro e entregaráselle á súa autora ou autor vinte e cinco exemplares desta.



O tema sobre o que versará a obra presentada será totalmente libre, pero valorarase o seu desenvolvemento nalgunha localización da provincia de Pontevedra. A extensión máxima será de 200.000 caracteres e o prazo de presentación rematará o día 15 de setembro de 2026.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:30 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

